

Liñas temáticas e textos da poesía cívica do s. XIX

Defensa da identidade e ansia de liberdade para o pobo sometido

"A Galicia", de Xoán Manuel Pintos

Ouh, Galicia, Galicia boi de palla,
Canta lástima ten de ti o Gaiteiro!
O aguillón que che menten é de aceiro
E con el muita forza te asoballa.
No lombo teu zorrega, bate e malla
Fasta o máis monicreque ferrancheiro,
E calesquer podenco forasteiro
Te bafa, de vergonza sin migalla!
Agarima alleeira eses ingratos
Ou víboras que postas ao teu peito
Co ferrete che rompen mil buratos!
Si o sangue teu refugas do teu leito,
Malas novas, madrastra de insensatos,
Dos fillos teus ao amor non tes dereito.

"A Galicia", de José López de Vega

¡Ouh, Galicia, Galicia terra amada,
fruto de bendición, filla do ceo!
¿por que o peitiño de dor tes cheo
e do mundo te encontras despreciada?
¿Por que vives tan triste e calumniada,
e un puñal tes clavado no teu seo,
e como humilde, enmudecido reo,
olvidas a túa gloria celebrada?
¡Alza, Galicia, a fronte dolorida,
esperta xa dese dormir profundo
que eres terra de amor apeteceida!
Asombra o mundo, grande, ennoblecida,
que eres fermoso reino, sin segundo,
e enche a túa fe e inmensidá do mundo!

"Probe Galicia, non debes" (IV de A gaita gallega), de Rosalía de Castro

IV
Probe Galicia, non debes
chamarte nunca española,
que España de ti se olvida
cando eres, ¡ai! tan hermosa.
Cal si na infamia naceras,
torpe de ti se avergonza,
i a nai que un fillo despresa
nai sin corasón se noma.
Naide por que te levantes
che alarga a man bondadosa;
naide os teus prantos enxuga,
i homilde choras e choras.
Galicia, ti non tes patria,
ti vives no mundo soia,
i a prole fecunda túa
se espalla en errantes hordas,
mentras triste e solitaria
tendida na verde alfombra
ao mar esperanzas pides,
de Dios a esperanza imploras.
Por eso anque en son de festa
alegre a gaitiña se oia,
eu podo dicirche:
non canta, que chora.

"A lira de Tyrteo", de Eduardo Pondal

¡Quen tivera ditoso
un tan sublime acento
que do seu fondo sono
despertara ós galegos!
¡Oh, quen cumprir pudera
tan xeneroso intento
desenterrando a lira,
a lira de Tyrteo!

Certo, non lle puxera
doces e brandos nervos,
mais dobres lle cinguiara
unhas cordas de ferro
¡Oh, cal soara baixo
dos meus febreantes dedos
a lira sonora
a lira de Tyrteo!

¡Oh, como despertar
os máis sublimes ecos
ecos de liberdade
dos parias e dos servos!
¡Cal do seu fondo sono
despertara os galegos
a lira estrepitosa,
a lira de Tyrteo!

"Dos celtas antigos", de Eduardo Pondal

Dos celtas antigos
Gloriosos exemplos;
Do duro romano
Non lixos, non servos:
Rompe as cadeas
Da patria, dos eidos;
Luitade, valentes;
Luitade, gallegos.
Con rogo e con pranto,
Con brandos acentos,
Non ben se consiguen
Os nobres empeños.
Esforzo e constancia
Vos peden os tempos:
Luitade animosos;
Luitade, luitade, luitade,
Luitade, gallegos.
Luitando se vencen
Da sorte os segredos;
Quen luita, ese é forte;
Quen cede, ese é servo.
Oponde aos destinos
Un peito de ferro:
Luitade, luitade, luitade,
Luitade, gallegos.

Denuncia da situación de prostración do campesiñado

"O maio", de Curros Enríquez

Aí vén o maio
de frores cuberto.
Puxéronse á porta
cantándome os nenos;
i os puchos furados
pra min estendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,
calados e quedos;
que o que é polo de hoxe
que darvos non teño.
Eu sonvos o probe
do pobo gallego:
pra min non hai maio,
pra min sempre é inverno!

Cando eu me atopare
de donos liberto
i o pan non me quiten
trabucos e préstemos,
e como os do abade
frorezan meus eidos,
chegado habrá estonces
o maio que eu quero.

Queredes castañas
dos meus castiñeiros?
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.

"A xusticia pola man", de Rosalía de Castro

Aqués que tén fama de honrados na vila,
roubáronme tanta bracara que eu tiña;
botáronme estrume nas galas dun día,
a roupa decote puñéronma en tiras.
Nin pedra deixaron en donde eu vivía;
sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas;
ao raso cas lebres dormín nas campías;
meus fillos..., ¡meus anxos...!, que tanto eu quería,
¡morreron, morreron ca fame que tiñan!
Quedei deshonorada, mucháronme a vida,
fixéronme un leito de toxos e silvas;
i en tanto, os raposo de sangue maldita,
tranquilos nun leito de rosas dormían.

-¡Salvádeme, ouh, xueces!- berrei... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeume a xusticia.
-Bon Dios, axudaime- berrei, berrei inda...
Tan alto que estaba, bon Dios non me oíra. ↓

"Nouturnio", de Curros Enríquez

Da aldea lexana fumegan as tellas;
Detrás dos petoutos vai pódose o sol;
Retornan pr'os eidos coa noite as ovellas
Tiscando nas beiras o céspede mol.

Un vello, arrimado nun pau de sanguíño,
O monte atravesaba de cara ao piñar.
Vai canso; unha pedra topou no camiño
E nela sentouse pra folgos tomar.

—Ai! dixo, qué triste,
Qué triste eu estou!
E un sapo que o oía
Repuxo:—Cró, cró!

As ánemas tocan!... Tal noite coma esta
Queimouseme a casa, morreume a muller,
Ardeume a xugada na corte e a besta,
Na terra a semente botouse a perder.

Vendín pr'os trabucos baceiros e hortas
E vou polo mundo d'entón a pedir;
Mais cando non topo pechadas as portas
Os cans saénme a elas e fanme fuxir.

Canta, sapo, canta:
Ti e eu somos dous!...
E o sapo, choroso,
Cantaba:—Cró, cró!

Soliños estamos entrambos na terra,
Mais nela un buraco ti alcontras e eu non.
A ti non te morden os ventos da serra.
E a min as entranas e os ósos me ron.

Ti, nado nos montes, nos montes esperas,
Decote cantando, teu término ver;
Eu, nado entre os homes, dormento entre as feras,
E morte non acho, si quero morrer.

Xa tocan..... Recemos,
Que dicen que hai Dios!...
El reza e o sapo
Cantaba:—Cró, cró!

A noite cerraba, e o raio da lúa
Nas lívidas cumes comenza a brilar;
Curisco que tolle nos álbores brúa
E escóitase ao lexos o lobo ouvear.

O probe do vello, cos anos cangado,
Ergueuse da pedra e o pau recadou;
Virou para os ceos o puño pechado
E cara aos touzales rosmando marchou.....

Cos ollos seguíndoo
Na escura extensión,
O sapo quedouse ↓

Estonces, cal loba doente ou ferida,
dun salto con rabia pillei a fouciña,
rondei paseniño... ¡Ne as herbas sentían!
I a lúa escondíase, i a fera dormía
cos seus compañeiros en cama mullida.

Mireinos con calma, i as mans estendidas,
dun golpe, ¡dun soio!, deixinos sin vida.
I ao lado, contenta, senteime das vítimas,
tranquila, esperando pola alba do día.

I estonces..., estonces cumpreuse a xusticia:
eu, neles; i as leises, na man que os ferira.

Cantando:—Cró, cró!

"¿Por qué?", de Rosalía de Castro

-Escoitá: os algoasiles
andan correndo a aldea;
mais, cómo pagar, cómo, si un non pode inda pagar a renda?

Embargarannos todo, que non teñen
esas xentes concencia, nin tén alma.
¡Quedaremos por portas,
meus fillos das entrañas!

¡Mala morte vos mate
antes de que aquí entredes!
Dos probes, ao sentirvos,
os corazós, cál baten tristemente!

-María, se non fora
porque hai un Dios que premia e que castiga,
eu matara eses homes
como mata un raposo a unha galiña.

-Silencio! Non brasfemes,
que este é un valle de lágrimas...!
Mais, por qué a algúns lles toca sufrir tanto,
i outros a vida antre contentos pasan?

Denuncia do drama da emigración

"Prá A Habana", de Rosalía de Castro

I
Vendéronlle os bois,
vendéronlle as vacas,
o pote do caldo
i a manta da cama.
Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña;
deixárono sóio
coa roupa vestida.
"María, eu son mozo,
pedir non me é dado;
eu vou polo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
i á Habana me vou...
¡Adiós, adiós, prendas
do meu corazón!"

V
Éste vaise i aquél vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tes, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledá,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non tén pais. ↓

"Tecín soia a miña tea", de Rosalía de Castro

Tecín soia a miña tea,
sembrei soia o meu nabal,
soia vou por leña ó monte,
soia a vexo arder no lar.
Nin na fonte nin no prado,
así morra coa carrax,
el non ha de virm'a erguer,
el xa non me pousará.
¡Que tristeza! O vento soa,
canta o grilo ó seu compás...
Ferve o pote... mais, meu caldo,
soíña t'hei de cear.
Cala, rula, os teus arrulos
ganas de morrer me dan;
cala, grilo, que si cantas,
sinto negras soñdás.
O meu homiño perdeuse,
ninguén sabe en onde vai...
Anduriña que pasache
con el as ondas do mar;
anduriña, voa, voa,
ven e dime ond'está.

"Cántiga", de Curros Enríquez

N'o xardín unha noite sentada
Ó refrexo d'o branco luar, ↓

E tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.

Unha nena choraba sin trégoas
Os desdés d'un ingrato galán.
I-a coitada entre queixas decía:
«Xa n' o mundo non teño ninguén,
Vou morrer e non ven os meus ollos
Os olliños d'o meu doce ben.»

Os seus ecos de malenconía
Camiñaban n'as alas d'o vento,
I-o lamento
Repetía:
«Vou morrer e non vén o meu ben!»

Lonxe d'éla de pé sobr 'a popa
D'un aleve negreiro vapor,
Emigrado, camiño d' América
Vai o probe, infelís amador.

I-ó mirar as xentís anduriñas
Car' á terra que deixa cruzar:
«¡Quén pudera dar volta, pensaba,
Quén pudera convosco voar!...»

Mais as aves i-o buque fuxían
Sin ouír seus amargos lamentos;
Sólo os ventos
Repetían:
«¡Quén pudera convosco voar!»

Noites craras, d'aromas e lúa,
Desde entón ¡qué tristeza en vós hai
Pr'os que viron chorar unha nena,
Pr'os que viron un barco marchar!...

D'un amor celestial, verdadeiro,
Quedou sólo, de bágoas á proba,
Unha cova
N'un outeiro
I-on cadavre n'o fondo d'o mar.

Os límites do progreso tecnolóxico

"Na chegada a Ourense da primeira locomotora", de
Curros Enríquez.

I
Velaí ven, velaí ven avantando
comaros e corgas, e vales, e cerros.
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saludaina, rapaces e vellos!
Por onde ela pasa
fecunda os terreos,
espértanse os homes,
frolecen os eidos.
Velaí ven, velaí ven tan oupada,
tan milagrosiña, con paso tan meigo,
que parece unha Nosa Señora,



II
Catedral, demagogo de pedra,
dun pobo fanático erguida no medio,
repinica esas chocas campanas
en sinal de alegría e contento.
Asocia esas voces
ó son dos pandeiros,
¡ás santas surrisas
de terras e ceos!
E ti, río dos grandes destinos,
que os himnos ensaias dos trunfos ibéricos,
requeimáda-las fauces de sede



unha Nosa Señora de ferro.
Tras dela non veñen
abades nin cregos;
mais vén a fartura
¡i a luz i o progreso! →

vén o monstro a beber no teu seo.
Bon samaritano,
dálle auga ó sedento;
que a máquena é o Cristo
dos tempos modernos.

"¿Quén non xime?", de Rosalía de Castro

Luz e progreso en todas partes..., pero
as dudas nos corazóns,
e bágoas que un non sabe por qué corren,
e dores que un non sabe por qué son.

Outro cantar, din, cansados
deste estribillo, os que chegando van
nunha nova fornada, e que andan cegos
buscando o que inda non hai.

Réprobos...! Sempre ao culto preguntando,
que, mudo, nada vos di.
Buscade a fe, que se perdeu na duda,
e deixade de xemir.

Mais eles tamén perdidos
por unha i outra senda van e vén, →

sin que sepan, ¡coitados!, por onde andan,
sin paz, sin rumbo e sin fe.
.....

Triste é o cantar que cantamos,
mais, qué facer si outro mellor non hai?
Moita luz deslumbra os ollos,
causa inquietude o moito desear.
Cando unha peste arrebatada
homes tras homes, n'hai máis
que enterrar de présa os mortos,
baixa-la fronte, e esperar
que pasen as correntes apestadas...
Que pasen..., que outras vendrán!

*Fasta: ata. *Calesquer: calquera. Froito. Cravada. Ennobrecida. (Ti) es. Ninguén. Soa. Mentres. Conseguen. Aqués: aqueles. Tén: teñen. *En donde: onde. *Estonces: entón. Xustiza. *Ne as: nin as.
*Leises: leis. *Lexana: afastada, distante. *Ánemas: ánimas. *D'entón: desde entón. Entrañas. *Ron: roen. *Nas lívidas cumes: nos lívidos cumes. Brillar. *Nos álbores: nas árbores. *Lexos: lonxe.
*Escoitá: escoitade. Blasfemes. *Valle: val. *Dudas: dúbidas. *Van e vén: van e veñen. *Sepan: saiban. Sen. Se. *Deslumbrar: cegar. *N'hai: non hai. *Vendrán: virán.